



ESTRATEGIA GALEGA DE **CONVIVENCIA ESCOLAR** 2015 - 2020

www.educonvives.gal

XUNTA DE GALICIA

ESTRATEGIA GALEGA DE CONVIVENCIA ESCOLAR 2015-2020

ESTRATEGIA GALEGA DE CONVIVENCIA ESCOLAR 2015-2020

Autores: Varios

Edita: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Depósito Legal: C 2128-2017

ÍNDICE

1. Presentación	3
2. Consello para a Convivencia Escolar de Galicia	5
3. Marco xurídico e conceptual	8
3.1 Marco xurídico	8
3.2 Marco conceptual	10
4. A convivencia escolar en cifras	11
5. Eixes e obxectivos estratéxicos	13
5.1 Eixe 1 - Diagnose e seguimento da convivencia escolar	14
5.2 Eixe 2 - Formación, investigación e mellora da calidade en materia de convivencia escolar	16
5.3 Eixe 3 - Apoio aos centros e á comunidade educativa	19
5.4 Eixe 4 Vertebración das iniciativas e accións comunitarias encamiñadas á mellora da convivencia escolar	24
5.5 Eixe 5 Xestión e abordaxe de condutas contrarias ás normas de convivencia	26
6. Axentes implicados	28
7. Temporización e gobernanza da Estratexia	29
8. Bibliografía	34

1. PRESENTACIÓN

Se por convivencia escolar se entende a capacidade que teñen as persoas de vivir con outras nun marco de respecto mutuo e de solidariedade recíproca, expresada na interrelación harmoniosa e sen violencia entre os diferentes sectores da comunidade educativa, é fácil entender os argumentos para a elaboración desta Estratexia de convivencia escolar en Galicia 2015-2020.

A pesar de que a Estratexia nace cunha vocación totalmente proactiva, isto non significa que non incorpore estratexias reactivas, estratexias para tratar educativamente aquelas incidencias ou condutas contrarias a unha convivencia pacífica.

Se ben é certo que en Galicia, falando en termos cuantitativos, as condutas contrarias á convivencia non ofrecen uns valores alarmantes en comparación con outras comunidades autónomas, non é menos certo que unha soa incidencia contraria a unha convivencia pacífica representa unha significativa preocupación para a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Por todo iso, entendemos necesario trazar as liñas xerais da convivencia escolar para todo un lustro, de xeito que, partindo dun coñecemento real da convivencia no momento actual, 2015, se poñan en marcha diferentes accións que fagan posible a ensinanza da convivencia, para chegar ao final da etapa para a que se deseña a Estratexia, 2020, cun alumnado totalmente competente desde os puntos de vista social e cívico.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, e o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, achegan os aspectos clave que deben considerarse na abordaxe da convivencia escolar, con especial referencia ao plan de convivencia que debe elaborar cada centro educativo.

Con eses marcos normativos como referencia, esta Estratexia de convivencia escolar en Galicia 2015-2020 pretende contribuír, a través dos obxectivos e das actuacións dos seus cinco eixes, a que o alumnado, en particular, e a sociedade, en xeral, saiba vivir e comportarse, de xeito pacífico e comprometido, na sociedade tecnificada deste primeiro cuarto do século XXI.

Desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria estamos totalmente comprometidos con eses obxectivos. E cónstame que tamén o está a totalidade do profesorado, as familias, o mundo asociativo e o conxunto da sociedade. A todas e a todos, ánimo e gratitude pola súa colaboración.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2. CONSELLO PARA A CONVIVENCIA ESCOLAR DE GALICIA

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, no artigo 10.1, dispón a creación do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia como órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no que se refire á convivencia escolar. Estará adscrito á consellería con competencias en materia de educación e contará co apoio dos servizos técnicos da Administración educativa, para fomentar a participación dos membros da comunidade educativa na mellora da convivencia.

De acordo co establecido no *artigo 10.2* do citado decreto, funciona en Pleno e en Comisión Permanente, estando composto polos membros que determina o apartado 3 do mesmo artigo.

Presidente

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria - Román Rodríguez González

Vicepresidente

Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa – Manuel Corredoira López

Director Xeral de Centros e Recursos Humanos – José Manuel Pinal Rodríguez

Secretario Xeral de Universidades – José Alberto Díez de Castro

Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura, Educación e O.U. – Jesús Oitavén Barcala

Xefe Territorial da Coruña – Indalecio Cabana Leira

Xefa Territorial de Lugo – María Carmen Gueimunde González

Xefa Territorial de Ourense – M^a Mercedes Gallego Esperanza

Xefe Territorial de Pontevedra – César A. Pérez Ares

Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade – Josefina Monteagudo Romero

Secretaria Xeral de Igualdade – Susana López Abella

Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias – Blanca García Señoráns Álvarez

Directora Xeral de Familia e Inclusión – Amparo González Méndez

Vicepresidente do Consello Escolar de Galicia – Fernando del Pozo Andrés

FEGAMP – (Alcalde de Ponte Caldelas) – Perfecto Rodríguez Muíños

Xunta Autonómica de Directores de Centros Educativos – Adelino José Pose Reino

Confederacións de asociacións de pais e nais. Centros Públicos. (CONFAPA) – Lóis Uxío Taboada Arribe

Confederacións de asociacións de pais e nais. Centros Privados Concertados. (CONGAPA) – M^a José Mansilla Chao

Confederacións de asociacións de alumnado –

ANPE – Julio C. Trashorras de la Fuente

CCOO – Agapito Muñiz Llanos

CIG-Ensino – Antonia Martínez Díaz

FETE-UGT – José Raúl Gómez Farto

Patronal Centros de Ensino Privados Concertados – Belén Costa Rodríguez

Dúas persoas de recoñecido prestixio – Francisco Ramón Durán Villa e Jose Antonio Gay García

Secretaría

Fátima M^a García Doval

3. MARCO XURÍDICO E CONCEPTUAL

3.1 Marco xurídico

O marco legislativo de referencia para a elaboración da Estratexia para a convivencia escolar en Galicia é amplo. Desde o punto de vista competencial abrangue lexislación internacional, nacional e autonómica. Desde o punto de vista dos aspectos que o conforman, aborda cuestións relativas aos dereitos fundamentais e ao procedemento administrativo, a nivel xeral, e aspectos relacionados coa convivencia pacífica e o contorno educativo, en particular. Esta ampla perspectiva pretende situar a Estratexia nun enfoque multidisciplinar con vontade de garantir o respecto e exercicio dos dereitos e deberes fundamentais de toda a comunidade educativa, fomentar a tolerancia e a resolución pacífica e positiva dos conflitos coa finalidade de garantir unha convivencia harmónica.

Desde o punto de vista das referencias normativas cómpre considerar:

- ▶ Constitución española.
- ▶ Declaración Universal de Dereitos Humanos, tratado internacional ratificado por España (BOE 10/10/1979).
- ▶ Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de autonomía de Galicia.
- ▶ Lei 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- ▶ Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

- ▶ Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.
- ▶ Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- ▶ Lei 27/2005, de 30 do novembro, de fomento da educación e a cultura da paz.
- ▶ Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- ▶ Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- ▶ Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade (3 de maio de 2008)
- ▶ Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- ▶ Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ▶ Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- ▶ Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- ▶ Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- ▶ Orde do 16 de abril de 2015 pola que se nomean os membros do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.2 Marco conceptual

A convivir non se aprende, o ser humano, cando nace é completamente dependente e necesita dos outros para subsistir, ese trazo e non outro, distínguenos como seres sociais e emocionais. Sen a convivencia, as persoas non sobrevivirían.

Neste senso, a convivencia é consubstancial ao ser humano, ata o punto de que é imposible vivir sen ser en relación. Neste senso, o neno, cando é consciente da súa propia identidade, atopa nas persoas os límites do seu eu, aparecendo os outros como fronteira e posibilidade. Eses outros, familia, mestres e iguais, participan na formación da súa propia identidade, tanto no conflito como na identificación. Ambos procesos, encontro e conflito, son inevitables, e posibilitan a construción continua da persoa, como parte do mundo social.

A través da socialización primaria e da xenética adquirimos un conxunto de patróns culturais e de trazos que poñemos en valor na relación cos outros, aparecendo nesta interacción a afinidade e a súa contraria, como formas habituais de relación. Aprender a xestionar o conflito e a afinidade, dende unha perspectiva emocional, é necesario para ser nós, respectando as diferenzas individuais. Un labor en que a orientación educativa supón un referente.

Nese proceso de aprendizaxe é fundamental o fomento comunitario e organizacional da tolerancia, o respecto, o fomento da non violencia, a educación en valores e o desenvolvemento e formación en intelixencia emocional e habilidades sociais. Todos estes elementos, desde a perspectiva curricular, atópanse definidos e sustentados na normativa correspondente, polo que, entendendo e valorando a súa importancia capital, non son abordados nesta estratexia.

4. A CONVIVENCIA ESCOLAR EN CIFRAS

Falar de convivencia supón referirse á vida en compañía doutras persoas. Esta natureza convivencial do ser humano non impide que as relacións sociais poidan debilitarse, perturbarse considerablemente e mesmo romper. Cando isto sucede estamos ante conflitos. E os centros escolares non son alleos a esa realidade.

Á hora de contextualizar en cifras os diferentes aspectos que abrangue a convivencia escolar podemos partir dalgúns coñecidos estudos:

- ▶ Segundo unha enquisa realizada ao estudantado polo Instituto Nacional de Calidade e Avaliación no curso 1996-1997¹, o 79% cualificaba o clima de convivencia como excelente ou bo, e só o 2%, como malo. E a grandes trazos pode dicirse que a conflitividade maior se dá entre o alumnado de 11 a 14 anos, e decrece no alumnado de idade superior. En canto aos escenarios onde se producen as agresións, para o alumnado de primaria dáse unha maior concentración no recreo, mentres que nos centros de secundaria, a localización se diversifica de forma importante, en función de diferentes tipos de agresión, sendo a aula o escenario máis frecuente.
- ▶ No estudo levado a cabo en Galicia por Miguel Á. Zabalza², no que participaron 836 profesores e profesoras pertencentes a todo o espectro de centros e niveis escolares, aínda que con predominio dos centros de ESO e bacharelato, a valoración xeral da convivencia nos centros foi moi positiva. O 70% do profesorado sinala que a convivencia é boa ou moi boa. A valoración é máis alta incluso entre o profesorado de primaria (77,5%) que en secundaria e bacharelato (65-69%). O 24% sinala que é

¹ Citado en Proxecto Comenius 2.1. (2002) Dimensión europea dos problemas de convivencia escolar: prevención, diagnóstico e intervención. Informe de Situación de España.

² Zabalza, M.Á. (Dir.) (1999) A convivencia nos centros escolares de Galicia. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

normal e soamente o 4,3% di que é regular ou mala. O alumnado, pola súa banda considera que a convivencia está en valores normais nun 43,3%. Son poucos os que a sitúan como moi boa (12,4%) e menos aínda os que a valoran como moi mala (2,2%). As familias galegas consideraron que as relacións interpersoais nos centros aos que asisten os seus fillos ou fillas é moi positiva. Tanto entre o alumnado como entre as familias, o descoñecemento das normas de convivencia e a súa aplicación é unha constante.

- ▶ No estudo elaborado conxuntamente entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Valedor do Pobo e a Universidade de Santiago de Compostela, no ano 2014, dentro do proxecto “Mocidade on line”³, máis de 44.000 mozas e mozos que cursan os seus estudos en 255 centros escolares poñen de relevo que tan só un 4% está a facer un uso manifestamente problemático da rede.
- ▶ A conclusión máis salientable do estudo “Análisis de las situaciones de acoso en educación física en Secundaria”⁴, refire que, malia que, aparentemente, na materia de educación física poderían xerarse máis situacións de acoso, atendendo á maior liberdade que posúe o alumnado, e á aparente desorganización e desestruturación dos espazos e dos ritmos, en realidade, trátase dunha área que, en xeral, favorece a convivencia do alumnado.

Non obstante, faise necesario abordar, novamente e de xeito integral, a realidade da convivencia nos centros escolares galegos desde a óptica dos distintos sectores das comunidades educativas, co obxecto de planificar as accións que cumpran para unha convivencia educativa pacífica.

³ Valedor do Pobo (2011) Adolescentes e Internet en Galicia. Dispoñible en <http://www.valedordopobo.com/wp-content/uploads/2015/01/AdolescentesInternetCastellano-1.pdf>

⁴ Torres-Neira, M. e Montero, A.(2014) Análisis de las Situaciones de Acoso en Educación Física en Secundaria. Editorial Académica Española

5. EIXES E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

Os datos anteriores poñen de manifesto que a mellora da convivencia debe abordarse desde tres niveis:

- ▶ **Nivel social:** accións conxuntas con outras institucións e organismos, control do absentismo escolar, dinamización dos consellos escolares, e plans conxuntos coas familias para dar resposta a problemas graves de conduta, así como fomento da investigación sobre a convivencia, as causas e os factores do conflito.
- ▶ **Nivel institucional:** proxectos institucionais e de centro, establecemento de normas de convivencia e disciplina, acción tutorial, organización escolar, adaptación do currículo, diversificación da oferta formativa, potenciación do labor do tecido asociativo e formación do profesorado.
- ▶ **Nivel persoal:** oferta de medidas de compensación educativa, desenvolvemento de programas de apoio e atención á diversidade, adestramento en habilidades sociais, adaptación individual de propostas curriculares e axuste das medidas sancionadoras á normativa.

De acordo coa tese de S. Conde Vélez⁵, afrontar a mellora da convivencia escolar desde modelos como o EFQM⁶ de mellora continua supón pivotar cara a modelos integrados de regulación da convivencia en centros educativos a través da actuación en diversos planos, de xeito que se integren tres tipos de medidas:

⁵ Conde Vélez, S. (2012) Estudio de la gestión de la convivencia escolar en centros de Educación Secundaria de Andalucía: una propuesta de evaluación basada en el Modelo EFQM. Tese de doutoramento. Dispoñible en http://rabida.uhu.es/dspace/bitstream/handle/10272/6438/Estudio_de_la_gestion_de_la_convivencia.pdf?sequence=2

⁶ Modelo de Xestión de calidade da European Foundation for Quality Management (EFQM). Máis información en <http://www.efqm.es/>

- ▶ **Medidas de prevención**, intervindo antes de que os conflitos e os actos violentos se produzan.
- ▶ **Medidas de intervención**, cun enfoque global onde se actúe, simultaneamente, sobre os aspectos disciplinarios, curriculares e metodolóxicos, xunto coa mellora da cultura escolar e a dimensión sociocomunitaria.
- ▶ **Protocolos** que proporcionen pautas de acción e orientacións en situacións relativamente descoñecidas e nas que se require un procedemento sistemático para a súa identificación e resolución.

En consecuencia con todo o expresado e desde unha perspectiva ecolóxica e integradora, estrutúrase esta estratexia en cinco grandes eixes, cos seus obxectivos e accións concretas

5.1 Eixe 1 - Diagnose e seguimento da convivencia escolar

Unha revisión sistemática e exhaustiva respecto da convivencia na educación galega faise necesaria para planificar calquera tipo de medida. Así, a recollida sistemática de datos permitirá adquirir e manter a información necesaria para a toma de decisións por parte da Administración educativa galega, ao tempo que fornece a cada centro de información sobre a súa situación particular, para que aborde o seu propio plan de convivencia desde os presupostos da mellora continua. É importante sinalar que, sendo estes instrumentos un apoio para os centros educativos, estes non deben perder de vista que determinadas cuestións de convivencia son dificilmente cuantificables e medibles á hora de detectar os máis leves indicios de cara a un traballo global e preventivo.

Obxectivo 1.1 - Elaborar un instrumento de diagnose inicial que permita identificar os puntos fortes e febles na xestión da convivencia e na resolución de conflitos

Accións prioritarias

- ▶ **Elaboración dos documentos de recollida de datos** dos distintos sectores da comunidade educativa (dirección, profesorado, alumnado, familias, persoal non docente). Validación dos documentos anteriores mediante unha proba piloto nunha mostra representativa do conxunto de centros da comunidade.
- ▶ **Recollida censual** de datos dos distintos centros e sectores. Este instrumento de recollida de datos debe dar voz a todos os colectivos clave nesta cuestión:
 - As direccións dos centros, que teñen información valiosa acerca dos aspectos administrativos relacionados coa convivencia.
 - O profesorado.
 - O alumnado.
 - As familias.
 - O persoal non docente.
- ▶ **Entrega a cada centro dos seus datos particulares** para facilitar o proceso de toma de decisións, a adecuación dos plans e medidas en curso e, en definitiva, o proceso de elaboración e desenvolvemento dos seus respectivos plans de convivencia.
- ▶ **Análise e difusión dos resultados da diagnose no conxunto da Comunidade Autónoma.** Revisión de metas e obxectivos e establecemento de novos fitos, se procede.

Obxectivo 1.2 - Establecer procesos e ferramentas de avaliación continua que permitan a monitorización e a mellora permanente do clima escolar

Accións prioritarias

- ▶ **Inclusión nos documentos de recollida de datos (DRD)** dos centros dunha pestana de achega regular de datos obxectivos e medibles por parte dos centros.

Considérase importante manter unha achega continua de datos que permita contar cun instrumento de medida constante da convivencia. A monitorización é o procedemento que permite detectar os máis leves indicios tanto no sentido da mellora como, de ser o caso, do empeoramento, para ser inmediatamente reactivos e responder con fiabilidade e axilidade á realidade.

- ▶ **Enquisas mostrais regulares sobre convivencia escolar.** Establecemento dos criterios, metodoloxía e temporización destas enquisas mostrais, tomando como base a diagnose inicial e o seu resultado.

Independentemente dunha toma de datos anual no marco da recollida ordinaria de información dos centros, á luz dos resultados da proba piloto e da enquisa censal, haberá que determinar a pertinencia e periodicidade de exploracións en profundidade de carácter mostral para un axuste máis fino das accións que se deben levar a cabo.

5.2 Eixe 2 - Formación, investigación e mellora da calidade en materia de convivencia escolar

A toma de decisións baseada en evidencias, a práctica da investigación-acción e o enfoque proactivo e ecolóxico na resolución de conflitos son liñas clave na abordaxe da convivencia, que é unha realidade variable, cambiante e complexa. Por iso, todos eses aspectos, xunto coa difusión de boas prácticas, supoñen piares sobre os que construír o traballo a prol da convivencia escolar.

Neste senso favorecerase a investigación e formación sobre a expresión das emocións, o uso de diferentes linguaxes, a motivación, a desestruturación de espazos e tempos, o traballo colaborativo, etc., dado que se teñen identificado como posibles vías de mellora do clima escolar.

Obxectivo 2.1 - Identificar centros e contornos escolares favorecedores da convivencia e analizar a súa realidade

Accións prioritarias

- ▶ **Fomento das liñas de investigación, prevención e inclusión** baseadas no estudo de casos de éxito convivencial na educación galega.

Tanto a investigación cuantitativa como a cualitativa, particularmente o enfoque etnográfico e o estudo de casos, son provedores de ideas e enfoques de acción para toda a comunidade educativa, de aí que sexa importante o seu recoñecemento e potenciación.

- ▶ **Impulso á difusión de iniciativas e boas prácticas** a prol da mellora do clima escolar.

Aqueles centros que toman accións decididas para mellorar a súa convivencia son verdadeiros bancos de probas sobre os que recompilar evidencias das fortalezas e debilidades dos enfoques propostos. O valor que estas iniciativas teñen como recurso de mellora é incalculable polo que deben ser favorecidos e promocionados.

Obxectivo 2.2 - Difundir o coñecemento e determinar puntos de encontro e reflexión de cara aos procesos de mellora da convivencia

Accións prioritarias

- ▶ **Promoción da elaboración de materiais e recursos** favorecedores duns valores de convivencia compartida.

Os innumerables aspectos que cómpre tratar fan aconsellable a descentralización para favorecer a riqueza do coñecemento compartido e da incorporación de todas as perspectivas.

- ▶ **Fomento do intercambio de experiencias** favorables ao desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Os intercambios de experiencias, ben sexan presenciais ou virtuais, permiten compartir coñecemento, intercambiar vivencias. Precisamos do contacto coas compañeiras e cos compañeiros cos que compartimos inxedanzas e accións para o noso crecemento persoal e a mellora do sistema.

- ▶ **Creación e mantemento dun sitio web específico**

Ao obxecto de centralizar todos os recursos emanados desta estratexia, así como para que a comunidade educativa poida, dun xeito sinxelo e intuitivo, acceder a todos os recursos de xestión da convivencia escolar, particularmente os modelas, normativa, protocolos e plans, etc., crearase un sitio web específico desta estratexia educonvives.gal ao que poderá accederse co propio nome da estratexia e vinculado aos sitios temáticos que corresponda.

Obxectivo 2.3 - Potenciar plans específicos en materia de convivencia

Accións prioritarias

- ▶ **Profundización**, no Plan anual de formación do profesorado, **do tratamento da convivencia** como un valor transversal e como eixe de accións específicas.

A liña de formación sobre convivencia debe contribuír a unha formación integral dos profesionais galegos da educación, xa que eles son axentes de primeira orde na construción e mantemento dun clima axeitado que permita maiores oportunidades de éxito escolar. Trátase de seguir proporcionando e actualizando coñecementos e ferramentas para o seu mellor desenvolvemento competencial.

- ▶ **Potenciación da abordaxe desde os propios centros de programas de convivencia** de carácter institucional vinculados á calidade educativa.

O impulso de plans específicos de formación en centros e plans de mellora deseñados e implementados polos propios centros, en función das súas necesidades, son unha prioridade

para abordar con éxito a convivencia escolar. Ademais permiten o pleno exercicio da autonomía do centro e a súa responsabilidade neste tema cun enfoque integral e integrador.

5.3 Eixe 3 - Apoio aos centros e á comunidade educativa

Os centros educativos e as súas comunidades son o verdadeiro epicentro da convivencia. A estratexia de traballo, tanto a curto como a medio e longo prazo, debe garantir un apoio e acompañamento constante dos centros educativos e de todos os sectores que configuran a súa comunidade educativa por seren a primeira liña de actuación social na convivencia educativa.

Obxectivo 3.1 - Formar en dinámicas e estratexias favorecedoras da convivencia harmónica

Accións prioritarias

- ▶ **Orientacións** para a elaboración do plan de convivencia dos centros.

Desde a publicación do Decreto 8/2015 os centros educativos da nosa comunidade contan cun período máximo de un ano para a elaboración do Plan de Convivencia. Partindo dunha óptica de acompañamento e co obxecto de facilitar esta tarefa, proveranse orientacións acerca dos procesos implicados e as dinámicas que se deben despregar na súa elaboración.

- ▶ **Formación en saúde e convivencia escolar** para toda a comunidade educativa.

A convivencia pacífica e a saúde manteñen vínculos en numerosos aspectos. A formación da comunidade educativa en estilos de vida saudables e o benestar tanto físico como psicosocial e emocional supón un apoio á mellora do clima escolar.

- ▶ Orientacións para garantir a igualdade de xénero, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero

A iniciativa *Equal*, da Unión Europea, está dirixida a promover novas prácticas de loita contra todo tipo de discriminación e de desigualdade no mercado de traballo, nun contexto de cooperación nacional, e a facilitar a inserción social e profesional. No marco desta acción comunitaria elaborouse un “Glosario de Termos Relacionados coa Transversalidade de Xénero”. Tomando como referente este glosario, enténdese a identidade de xénero como a concepción individual de xénero que ten unha persoa de si mesma, e que non ten por que depender, necesariamente, do xénero que lle foi asignado ao nacer. E esa concepción ten que ver coa presentación externa, co aspecto e co comportamento da persoa. Mentres que o xénero é unha construción social e cultural, o sexo fai referencia as características morfolóxicas externas. O sexo clasifica, o xénero define.

Co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual publícase a Lei 2/2014, que inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no sistema educativo. Para facilitar unha resposta unánime de garantía aos dereitos do colectivo LTGBI que preserve o respecto ás eleccións persoais visibilizando os diferentes tipos de familias, cómpre elaborar orientacións que guíen a resposta do sistema educativo.

► **Actuacións en materia de prevención da violencia de xénero.**

Así mesmo, no empeño por combater a violencia de xénero en todas as súas formas e manifestacións, promocionaranse accións ordinarias e extraordinarias que contribúan a poñer coto a esta lacra para a sociedade.

► Desenvolvemento e difusión de **estratexias para a prevención do racismo e a xenofobia.**

Diversas institucións, organismos e centros escolares están a desenvolver programas, orientacións e estratexias para a prevención do racismo e da xenofobia, reafirmando a diversidade como signo de riqueza socio-cultural dos pobos. Nesta liña preténdese o desenvolvemento de recursos educativos de prevención do racismo e da xenofobia con especial acento nas tecnoloxías da información e da comunicación.

- ▶ **Orientación na xestión de grupos, de espazos de lecer e da aula de convivencia inclusiva** para a mellora do clima escolar.

A planificación e xestión activa de espazos de tránsito e lecer (entradas e saídas, recreos, comedores escolares, transporte...) está asociada cunha mellora da convivencia e cunha mellor percepción do clima de centro. Como é sabido, todos os centros, en boa medida, encaran esta cuestión. Por iso Plan ten a vontade de facilitar orientacións baseadas en boas prácticas que fagan este labor máis sinxelo e con máis alternativas.

- ▶ **Abordaxe dos trastornos de conduta** na escolarización ordinaria, incluíndo a saúde, a educación e a dimensión social-adaptativa.

No marco da atención á diversidade, o alumnado que presenta trastornos de conduta debe ser atendido, sempre que sexa posible, desde a escolaridade ordinaria. Os beneficios para a súa adaptación, inclusión e normalización son obvios. Traballando conxuntamente coas familias, os servizos sociais e de saúde, a comunidade educativa pode ser quen de enfrontar a situación de xeito satisfactorio. Para isto precísanse orientacións claras e consensuadas que lles proporcionen unha sensación de seguridade aos implicados e permitan crear un contorno estruturado e coherente.

Obxectivo 3.2 - Crear e manter un fondo documental e de asistencia xurídica

Accións prioritarias

- ▶ **Confección dun fondo documental sobre convivencia.**

Este fondo incluírá a recompilación de normativa, estudos, traballos de investigación, datos e outra documentación de interese sobre a convivencia para a súa posta a disposición dos obxectivos, particularmente os recollidos neste Plan, supón sentar as bases para a toma de decisións informada. Así mesmo, búscase dar carta de natureza ao numeroso material e recursos que desde os centros e o tecido asociativo se está a elaborar en favor de diferentes aspectos relacionados coa convivencia, a súa difusión e recoñecemento.

► **Xestión e protección de datos persoais.**

Os datos persoais atópanse protexidos por unha lei orgánica desde 1999 e polo regulamento que a desenvolveu en 2007. Preténdese con esta acción apoiar a mellora da xestión dos datos de carácter persoal por parte dos centros educativos. Paralelamente proporciónase a formación integral da comunidade educativa nesta cuestión é clave para previr situacións de risco de acoso e ciberacoso.

► **Asesoramento xurídico** ao profesorado, ao alumnado e ás familias.

É preciso poñer en valor os recursos de asesoramento cos que a comunidade educativa conta, e facer un labor sistemático de pedagogía e difusión das posibles interpretacións normativas relativas ás cuestións de convivencia e que redunde nunha maior seguridade e facilidade na xestión diaria. Ao mesmo tempo levarase a cabo unha avaliación de resultados que permita verificar que existen cambios reais con respecto á situación na que se atopaba a alumna e o agresor, así como determinar a eficacia e pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

Obxectivo 3.3 - Establecer protocolos tanto normativos como orientativos que, no marco da autonomía dos centros, favorezan a abordaxe das diferentes situacións de conflito de modo propedéutico

Accións prioritarias

► **Protocolo de acoso escolar e ciberacoso.**

Desde o 17 de xuño de 2013 está á disposición da comunidade educativa o Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso. É preciso seguir no proceso de revisión e actualización constante, para o cal é necesario a súa adaptación naqueles aspectos puntuais nos que sexa necesario, segundo o establecido no Decreto 8/2015.

► **Información e formación sobre aspectos básicos da identidade dixital.**

Seguindo a “Guía para usuarios: identidade dixital e reputación on line”, do Instituto Nacional de Tecnoloxías da Comunicación (INTECO), a identidade dixital pode ser definida como o conxunto da información sobre un individuo ou unha organización (datos persoais, imaxes, rexistros, noticias, comentarios, etc.) exposta en internet, que conforma unha descrición da dita persoa no plano dixital.

A irrupción na vida cotiá dos contornos 2.0, os servizos de mensaxería instantánea e as redes sociais, proporcionan numerosas vantaxes e comodidades na vida diaria. O seu potencial é indiscutiblemente inmenso, pero tamén o son os riscos para a intimidade e a honra das persoas. A formación nas normas básicas de xestión da identidade dixital de todos os membros da comunidade educativa, en calidade de usuarios da comunidade global de internet, facilitarán a creación dun adecuado clima e hábito de uso e forneceraos de ferramentas axeitadas.

Formación e orientación en asertividade e actuación fronte ás condutas pasivas e/ou agresivas.

Estamos ante situacións escasas pero que xeran un grao de estrés e incerteza con efectos non só inmediatos. Por iso é importante pautar unhas actuacións básicas tendentes a identificar a raíz do problema e a facilitar a súa abordaxe desde o apoio condutual positivo cun valor inmediato de control e reeducador ao longo do tempo.

► **Prevención e abordaxe de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que requiran a intervención de servizos de menores.**

Os esforzos realizados conxuntamente entre os servizos educativos e outras administracións amosan que é unha liña na que convén seguir afondando. Por iso favorecer a integración destas accións na Estratexia, e ampliar ou desenvolver aquelas outras que se estimen necesarias en función do diagnóstico inicial, son accións prioritarias.

► **Protocolos específicos para casos de perda do dereito de asistencia ao centro ou derivación á aula de convivencia inclusiva.**

Constatado o problema que provoca que os centros impoñan medidas de perda do dereito de asistencia a actividades lectivas ou ao centro, realizarase a proposta de protocolos, medidas e orientacións para o establecemento de acordos con outras institucións de carácter público, de xeito que este alumnado estea baixo a supervisión axeitada, particularmente naqueles casos procedentes de familias desestruturadas ou con condutas disruptivas.

5.4 Eixe 4 Vertebración das iniciativas e accións comunitarias encamiñadas á mellora da convivencia escolar

A convivencia escolar é un fenómeno social que se estende alén das fronteiras físicas do centro educativo. Unha Estratexia con vocación social, como esta, non pode permanecer allea a esta realidade. Os centros educativos, máis alá de seren escolas para a vida, son escolas de vida, escolas vivas.

Obxectivo 4.1 Potenciar o papel vertebrador na mellora da convivencia escolar do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia

Acción prioritaria

- ▶ **Posta en marcha daquelas iniciativas e liñas de traballo propostas polo Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas funcións.**

Consello para a Convivencia Escolar é o foro de debate e a cadea de transmisión das inquiredanzas da sociedade galega ao respecto da convivencia escolar. Unha Estratexia debe beber desa fonte autorizada pero debe, ademais, poñerse ao seu servizo para propiciar a posta en práctica nas mellores condicións posibles das súas recomendacións.

Obxectivo 4.2 Ofrecerlle á comunidade educativa estratexias e recursos para garantir as relacións positivas e a colaboración entre as familias e os centros educativos

Accións prioritarias

- ▶ **Promoción e apoio ás Escolas de Nais e Pais**, fomentando a creación dunha estrutura estable en rede para a formación de familias.

Por unha parte, preténdese destacar a necesidade de fomentar a responsabilidade educativa compartida e, por outra, facilitar o proceso de participación efectiva e coordinada das familias mediante a axeitada formación nos ámbitos de interese desta Estratexia.

- ▶ **Achega de orientacións para a regulación, nos documentos de centro, de estratexias e protocolos de actuación coas familias**, tanto na prevención como na formación continua e na acción tutorial.

Co máximo respecto á autonomía dos centros, proverase de orientacións para o establecemento de documentos e modelos que permitan a coordinación e participación das familias na vida do centro e na educación do alumnado. O obxectivo é, dunha banda, garantir o exercicio dos dereitos e o cumprimento dos deberes das familias e, doutra, facilitar unha maior coherencia administrativa nos modelos de xestión e nos procedementos.

- ▶ **Impulso á coordinación dos centros educativos coas institucións do contorno que desenvolven accións coas familias e cos centros escolares orientadas á mellora de aspectos relacionados coa convivencia escolar.**

A formación e o apoio ás familias no seu labor educativo non é competencia exclusiva dos centros. Neste labor interveñen diferentes axentes sociais e institucións. Para xuntar esforzos e establecer pontes é necesario pautar canles de comunicación efectivas que permitan optimizar as accións e os seus resultados, favorecendo unha abordaxe integral da educación familiar.

- ▶ **Establecemento de marcos multisectoriais nos que os diferentes membros da comunidade educativa poidan compartir e formarse de xeito integrado.**

Os diferentes sectores e axentes que actúan sobre a formación e a participación das familias en materia socioeducativa precisan compartir unha linguaxe e uns presupostos comúns. Para lograr este obxectivo buscarase o establecemento de espazos de reflexión e formación conxunta.

5.5 Eixe 5 Xestión e abordaxe de condutas contrarias ás normas de convivencia

A pesar de todos os esforzos que se poidan levar a cabo en materia de convivencia harmónica, tanto na prevención como na resolución pacífica de conflitos, por veces xorden nos centros educativos condutas contrarias ás normas de convivencia que hai que abordar e xestionar.

Pola carga emocional que, a miúdo, leva asociada para todas as persoas implicadas, precísase favorecer a abordaxe sistemática, aséptica e normalizada das condutas contrarias ás normas de convivencia, con actuacións seguras administrativa e xuridicamente.

Obxectivo 5.1 Orientar e facilitar a xestión de expedientes, cando procedan, e de medidas correctoras tanto mediante o procedemento conciliado como mediante o común

Accións prioritarias

- **Orientacións para a toma de decisións e elaboración de formularios para a xestión eficaz de expedientes mediante o procedemento común** para garantir a igualdade de trato e os dereitos das persoas presuntamente infractoras, así como a resolución de dúbidas e cuestións que dificulten o proceso.

- ▶ **Fornecemento de modelos de xestión e documentos orientativos para a resolución conciliada de conflitos**, que garantan o adecuado cumprimento das normas e dos protocolos legais e que faciliten o proceso administrativo asociado á acción formativa e reeducativa inherente a todo expediente.
- ▶ **Normalización de modelos de coordinación** con outros servizos e institucións de familia e menores.
- ▶ **Posta a disposición dos centros de modelos normalizados para a tramitación dos procedementos de corrección de condutas contrarias á convivencia** ou, de ser o caso, para a tramitación de calquera outro procedemento en materia de convivencia.

Obxectivo 5.2 Potenciar a mediación escolar

Acción prioritaria

- ▶ **Establecemento dunha rede de mediación**, con formación de alumnado e profesorado na teoría e práctica da mediación e na resolución conciliada de conflitos.

Debemos ter en conta que a mediación é un valioso recurso de prevención e abordaxe de conflitos no ámbito educativo. Existe unha manifesta vontade tanto na Lei 4/2011 como no Decreto 8/2015, de potenciar o seu uso como sistema de mellora do clima escolar e de desenvolvemento persoal de todos os implicados. Trátase dun campo no que é necesaria a investigación, a posta en práctica das recomendacións da literatura científica, a avaliación das iniciativas postas en marcha e a reflexión conxunta sobre a súa mellora e xeneralización na nosa comunidade. Para favorecer este proceso estableceranse espazos de formación e reflexión que dinamicen, desde o seu propio seo, a mediación escolar.

6. AXENTES IMPLICADOS

A consecución dunha estratexia integral e ambiciosa coma esta require a participación e a implicación de numerosos axentes, tanto daqueles que están decote inmersos no clima escolar como doutros que inciden, de xeito máis ou menos permanente, tanxencial ou esporádico, na convivencia.

A realidade socioeducativa é complexa e non pode menosprezarse a importancia de ningún dos axentes que interveñen nela, porque a súa actuación ou inacción poden modificar o curso dunha situación potencialmente conflitiva.

Para os efectos desta estratexia, sen prexuízo da intervención de cantos outros organismos e axentes poidan considerarse de utilidade ao longo da súa duración, considéranse especialmente relevantes os seguintes:

- ▶ Alumnado
- ▶ Profesorado
- ▶ Persoal de administración e servizos
- ▶ Familias e ANPAS
- ▶ Servizos sociais e de benestar
- ▶ Servizos de saúde
- ▶ Forzas e corpos de seguridade de Estado e xulgados de menores
- ▶ Tecido asociativo
- ▶ Outros servizos municipais e comunitarios dependentes doutras consellerías

7. TEMPORIZACIÓN E GOBERNANZA DA ESTRATEXIA

Esta Estratexia organízase para o seu comezo inmediato e cun horizonte de finalización situado en 2020. Non obstante, a repartición das accións e a súa incidencia ao longo do tempo non é homoxénea. A efectos meramente estimativos establececese a seguinte táboa de temporización, que poderá ser obxecto de axustes derivados da planificación e organización de cada acción concreta. Para cada unha delas estableceranse indicadores de logro que permitan o seguimento e a avaliación anual e final, de acordo cos obxectivos e coa temporización previstos na Estratexia.

EL: elaboración REV: revisión PLA: Planificación	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Eixe 1 Diagnose e seguimento da convivencia escolar						
Obxectivo 1.1 Elaborar un instrumento de diagnose inicial que permita identificar os puntos fortes e febles na xestión da convivencia e na resolución de conflitos						
Elaboración dos documentos de recollida de datos e validación na proba piloto	EL	REV	REV	REV	REV	REV
Recollida censal de datos dos distintos centros e sectores	EL	REV	REV	REV	REV	REV
Entrega a cada centro dos seus datos como apoio ao proceso de toma de decisións	EL	REV	REV	REV	REV	REV
Análise e difusión de resultados no conxunto da comunidade. Revisión e propostas	EL	REV	REV	REV	REV	REV

EL: elaboración REV: revisión PLA: Planificación	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Obxectivo 1.2 Establecer procesos e ferramentas de avaliación continua que permitan a monitorización e a mellora permanente do clima escolar						
Inclusión nos DRD dos centros dunha pestana de achega de datos sobre convivencia		EL	REV	REV	REV	REV
Enquisas mostrais regulares sobre convivencia escolar		EL	REV	REV	REV	REV
Eixe 2 Formación, investigación e mellora da calidade en materia de convivencia escolar						
Obxectivo 2.1 Identificar centros e contornos escolares favorecedores da convivencia e analizar a súa realidade						
Fomento da investigación, prevención e inclusión baseadas no estudo de casos de éxito		PLA	REV	PLA	REV	REV
Impulso á difusión de iniciativas e boas prácticas a prol da mellora do clima escolar		PLA	REV	PLA	REV	REV
Obxectivo 2.2 Difundir o coñecemento e determinar puntos de encontro e reflexión de cara aos procesos de mellora da convivencia						
Promoción da elaboración de materiais e recursos de convivencia		PLA	PLA	PLA	PLA	PLA
Fomento do intercambio de experiencias de desenvolvemento persoal e social		PLA	PLA	PLA	PLA	PLA
Creación e mantemento dun sitio web específico	EL	REV	REV	REV	REV	REV
Obxectivo 2.3 Potenciar plans específicos en materia de convivencia						
Plan anual de formación do profesorado: a convivencia como valor transversal		PLA	PLA	PLA	PLA	PLA
Potenciación de programas institucionais de convivencia vinculados á calidade		PLA	PLA	PLA	PLA	PLA
Eixe 3 Apoio aos centros e á comunidade educativa						
Obxectivo 3.1 Formar en dinámicas e estratexias favorecedoras da convivencia harmónica						
Orientacións para a elaboración do plan de convivencia dos centros	EL	REV	REV	REV	REV	REV

EL: elaboración REV: revisión PLA: Planificación	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Formación en saúde e convivencia escolar para toda a comunidade educativa	PLA	REV	REV	REV	REV	REV
Orientacións para garantir a igualdade de xénero, a non discriminación, a liberdade de identidade de xénero e a prevención da violencia de xénero.	EL	REV	REV	REV	REV	REV
Actuacións en materia de prevención da violencia de xénero.		PLA	PLA	PLA	PLA	PLA
Desenvolvemento e difusión de estratexias para a prevención do racismo e a xenofobia	PLA	REV	REV	REV	REV	REV
Orientación na xestión de grupos, de espazos de lecer e da aula de convivencia inclusiva		EL	REV	REV	REV	REV
Abordaxe dos trastornos de conduta na escolarización ordinaria		EL	REV	REV	REV	REV
Obxectivo 3.2 Crear e manter un fondo documental e de asistencia xurídica						
Confección dun fondo documental sobre convivencia		EL	REV	REV	REV	REV
Xestión e protección de datos persoais	EL	REV	REV	REV	REV	REV
Asesoramento xurídico ao profesorado, ao alumnado e ás familias	EL	REV	REV	REV	REV	REV
Obxectivo 3.3 Establecer protocolos tanto normativos como orientativos que no marco da autonomía dos centros, favorezan a abordaxe das diferentes situacións de conflito de modo propedéutico						
Protocolo de acoso escolar e ciberacoso	EL	REV	REV	REV	REV	REV
Información e formación sobre aspectos básicos da identidade dixital	EL	REV	REV	REV	REV	REV
Asertividade e actuación en condutas pasivas e/ou agresivas: Formación e orientación	EL	REV	REV	REV	REV	REV
Prevención e abordaxe de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que requiran a intervención de servizos de menores	EL	REV	REV	REV	REV	REV

EL: elaboración REV: revisión PLA: Planificación	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Protocolos específicos para casos de perda do dereito de asistencia ao centro ou derivación á aula de convivencia inclusiva.		EL	REV	REV	REV	REV
Eixe 4 Vertebración das iniciativas e accións comunitarias encamiñadas á mellora da convivencia escolar						
Obxectivo 4.1 Potenciar o papel vertebrador na mellora da convivencia escolar do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia						
Posta en marcha das iniciativas e liñas de traballo propostas polo Consello	REV	REV	REV	REV	REV	REV
Obxectivo 4.2 Ofrecerlle á comunidade educativa estratexias e recursos para garantir as relacións positivas e a colaboración entre as familias e os centros educativos						
Promoción e apoio ás Escolas de Nais e Pais		PLA	REV	REV	REV	REV
Orientacións para a regulación de estratexias e protocolos de actuación coas familias		EL	REV	REV	REV	REV
Impulso á coordinación con institucións que desenvolven accións coas familias		EL	REV	REV	REV	REV
Establecemento de marcos multisectoriais de formación integrada		EL	REV	REV	REV	REV
Eixe 5 Xestión e abordaxe de condutas contrarias ás normas de convivencia						
Obxectivo 5.1 Orientar e facilitar a xestión de expedientes, cando procedan, e de medidas correctoras tanto mediante o procedemento conciliado como mediante o común						
Orientacións para a toma de decisións e elaboración de formularios para a xestión eficaz de expedientes mediante o procedemento común	EL	REV	REV	REV	REV	REV
Fornecemento de modelos de xestión e documentos orientativos para a resolución conciliada de conflitos	EL	REV	REV	REV	REV	REV
Normalización de modelos de coordinación con outros servizos e institucións de familia e menores.	EL	REV	REV	REV	REV	REV

EL: elaboración REV: revisión PLA: Planificación	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Posta a disposición dos centros de modelos normalizados para a tramitación dos procedementos de corrección de condutas contrarias á convivencia	EL	REV	REV	REV	REV	REV
Obxectivo 5.2 Potenciar a mediación escolar						
Establecemento dunha rede de mediación, con formación de alumnado e profesorado na teoría e práctica da mediación e na resolución conciliada de conflitos		PLA	REV	REV	REV	REV

8. BIBLIOGRAFÍA

- ▶ **Conde Vélez, S.** (2012) Estudio de la gestión de la convivencia escolar en centros de Educación Secundaria de Andalucía: una propuesta de evaluación basada en el Modelo EFQM. Tese de doutoramento. Dispoñible en http://rabida.uhu.es/dspace/bitstream/handle/10272/6438/Estudio_de_la_gestion_de_la_convivencia.pdf?sequence=2
- ▶ **Consello Escolar de Galicia** (2001) La convivencia en los centros escolares como factor de calidad . Santiago de Compostela: Consellería de Educación.
- ▶ **INTECO** (2012) Guía para usuarios: identidad digital y reputación online. Dispoñible en <https://www.incibe.es/file/QeTWH8vXM1MtSH7Apl5n5Q>
- ▶ **Organización Panamericana de la Salud para la Organización Mundial de la Salud** (2002) Informe mundial sobre la violencia y la salud. Resumen. Dispoñible en http://www.who.int/violence_injury_prevention/violence/world_report/es/summary_es.pdf
- ▶ **Proxecto Comenius 2.1.** (2002) Dimensión Europea dos problemas de convivencia escolar: prevención, diagnóstico e intervención. Informe de Situación de España.
- ▶ **Secretaría Técnica del Proyecto EQUAL “En Clave de Culturas”** (2007) Glosario de Términos Relacionados con la Transversalidad de Género. Dispoñible en <https://www.um.es/estructura/unidades/u-igualdad/recursos/2013/glosario-terminos.pdf>
- ▶ **Torres-Neira, M. e Montero. A.** (2014) Análisis de las Situaciones de Acoso en Educación Física en Secundaria. Editorial Académica Española
- ▶ **Valedor do Pobo** (2011) Adolescentes e Internet en Galicia. Dispoñible en <http://www.valedordopobo.com/wp-content/uploads/2015/01/AdolescentesInternetCastellano-1.pdf>

- ▶ **Valedor do Pobo, Consellería de Cultura, Educación e O.U. e USC** (2014) Screening do uso problemático de internet entre os adolescentes da comunidade galega. Dispoñible en <http://www.valedordopobo.com/es/proyecto-mocidade-on-line/>
- ▶ **Xunta de Galicia** (2010) Políticas de uso de servizos web 2.0. Versión 20110518
- ▶ **Zabalza, M.A. (Dir.)** (1999) A convivencia nos centros escolares de Galicia. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

“A paz non é a ausencia de guerra, é unha virtude, un estado da mente, unha disposición á benevolencia, á confianza e á xustiza.”

B. B. Spinoza



galicia



www.educonvives.gal

ESTRATEGIA
GALEGA DE
**CONVIVENCIA
ESCOLAR**

2015 - 2020



XUNTA
DE GALICIA